

Antolín Alcántara

Secretario Confederal de Negociación Colectiva.



“Intentaremos que se aplique o IPC previsto máis os puntos que reclamemos a maiores sobre o salario medio de Galiza”

Uns 420.000 traballadores/as perciben menos de trece mil €/ano, arredor de 170.000 menos de once mil. A precariedade, entendida como contratación non indefinida, afecta ao 47,6 % dos cadros de persoal. Por vez primeira desde a transición, o custo salarial medio nos primeiros trimestres de 2004 é inferior ao mesmo período do ano anterior. Diante deste panorama a CIG considera imprescindible un cambio na negociación colectiva que recupere salarios, diminúa a precariedade e dignifique as condicións laborais. Antolín Alcántara, Secretario Confederal de Negociación Colectiva, explica como se introducirán estes elementos no proceso de negociación colectiva para o ano 2005.

Cal será a posición da CIG para a negociación colectiva deste ano?

Ao analizar as razóns polas que as familias eran incapaces de chegar a fin de mes, advertimos que no cálculo do IPC non se teñen en conta gastos como o da adquisición de vivenda. Por iso, a nosa posición será a de forzar o debate público sobre a legalidade social do IPC. Queremos trasladar esta iniciativa directamente ás empresas por medio dunha campaña que evidencie a trampa deste modelo negociador, demostrando que todos aqueles traballadores que non teñan un incremento salarial mensual mínimo de 50 euros en 14 pagas perderán poder adquisitivo. Intentaremos conseguir que se aplique o IPC previsto máis os puntos que reclamemos, e aplícalo sobre o salario medio de Galiza para cada ano.

E CCOO e UGT?

CCOO e UGT xa teñen pechada a súa proposta para a negociación colectiva, para o ano 2005,

que pasa novamente por unha suba moderada dos salarios coincidindo, na base, coa proposta da patronal, igual que nos Pactos anteriores. Aínda que eles mesmos recoñeceran que máis do 30% dos asalariados no Estado experimentaron incrementos inferiores ao IPC, por careceren de cláusula de revisión salarial, por inaplicación da mesma ou por non considerar os efectos retroactivos, créanse nun modelo de entreguismo sindical que ten o dobre efecto perverso de facer perder capacidade adquisitiva á clase traballadora e de neutralizar o resto das demandas.

Os traballadores que non teñan un incremento salarial mensual mínimo de 50 euros en 14 pagas perderán poder adquisitivo

Como se pode mudar a situación de desprotección e precariedade dos traballadores?

O mellor antídoto a esta desprotección pasa por atacar as altísimas porcentaxes de eventualidade. É a única forma de facilitar a organización sindical dos traballadores

e equilibrar a relación de forzas no interior das empresas. Temos que establecer porcentaxes mínimas de fixos ou máximas de eventualidade, para a partir de aí, executar disciplinadamente estas medidas nas empresas.

Outro problema é á fragmentación da clase traballadora dentro das empresas. Existe a posibilidade de darlle a volta?

Demasiados convenios incorporan xa condicións de retribución e de xornada distinta segundo se trate de fixos ou eventuais e a mocidade é a principal prexudicada. En canto os traballadores con máis antigüidade -con mellores condicións laborais- abandonen o mundo do traballo, quedarán nas empresas aqueles que teñen unhas condicións laborais máis precarias. Como CIG, non podemos avalar ningún convenio que estableza retribucións inferiores para os traballadores novos.

As mulleres tamén padecen esa desigualdade salarial.

Os sectores máis precarios e onde se rexistra a máis escandalosa sobreexplotación, están preferentemente ocupados por mulleres. En empresas con convenio propio organízase artificialmente unha nomenclatura de categorías onde a muller pode



realizar o mesmo traballo de categorías superiores pero con retribucións inferiores. Temos que implantar as normas legais de protección de xénero e conciliación da vida laboral e familiar e asegurar a igualdade de condicións en materia de dereitos, de promoción e adecuación das categorías, a fiscalización da xornada laboral e a garantía de todas retribucións.

O colectivo de discapacitados tamén padece a precariedade laboral. Hai algunha proposta específica para resolver a súa problemática?

Exixiremos na contratación os mínimos legais (2% do cadro de persoal en empresas de máis de 50 traballadores/as) e promoveremos que nos convenios colectivos se recolla a obrigatoriedade de contratar un 5% dos traballadores/as discapacitados



Xavier Vence

Catedrático de Economía da USC, elaborou o informe sobre IPC e perda de poder adquisitivo.

naquelas empresas que teñan a obriga de facelo, nas administracións locais, provinciais e autonómicas.

Vaise recuperar a demanda de redución de xornada no proceso de negociación colectiva para o 2005?

Con independencia de que nos convenios se incluíse a diminución de xornada, o capital foi recuperando xornada efectiva impondo xornadas moi superiores ás pactadas, en moitos casos sen ser retribuídas. Obrígase a realizar horas extras e segue medrando a fraude na contratación a tempo parcial e nos contratos de formación e prácticas. Temos que traballar en dúas fronteas: reclamando reducións anuais para traducilas en días de descanso e inspeccionando o cumprimento da xornada pactada nos convenios e nos contratos e debemos evitar a ampliación das xornadas a fins de semana de xeito discrecional.

Hai moitos convenios que son de ámbito estatal. Como se vai intentar reforzar o Marco Galego de Relacións Laborais?

Con cada norma, con cada dereito que ampliamos en cada Convenio no ámbito do noso país, estamos construíndo un Marco Galego de Relacións Laborais. Os nosos convenios de empresas, os provinciais e os galegos, poden ser espazos superlativos de dereitos para a clase traballadora galega. Este é o noso capital normativo e a mellor fonte de dereitos. Na contra, o españolismo continua perseverando en reforzar o seu espazo de dominio: o marco estatal. Para o fin que perseguen e para un modelo de sindicalismo vertical, representativo de cúpulas, precisan distanciar o ámbito de decisión. Deste xeito, paralizan a participación e evitan o conflito. Dependendo de nós consolidar o noso marco galego. Canto máis forte e con mellores defensas cualitativas, máis difícil para os contrarios destruír este ámbito. ■

IPC, Negociación colectiva e perda de poder adquisitivo

Existe unha sensación cada vez máis xeneralizada de que nos últimos anos os salarios experimentaron unha deterioración da capacidade adquisitiva e tamén de que se produciu un aumento das desigualdades. Para comprobar as causas que provocarían esta situación a CIG encargou a Xavier Vence, catedrático de Economía Aplicada, un estudo que leva por título "IPC, Negociación Colectiva e perda de poder adquisitivo dos salarios", no que se constata que, efectivamente, o IPC non reflicte a suba real dos prezos.

O IPC é unha cifra media que sintetiza variacións en 484 produtos. A importancia relativa que se lle atribúe a cada un deles realízase en base á estrutura de consumo media das familias. Pero ricos e pobres non consumen as mesmas cousas e os prezos desas diferentes cousas non ten porque variar igual que a media.

A vivenda

Segundo a Enquisa de Condicións de Vida das Familias o 15% dos fogares ga-

legos están facendo fronte aos pagamentos de hipoteca e como media dedican un 16,3% dos seus ingresos a eses pagamentos. Un 20% dos que pagan hipoteca está dedicando máis do 30% dos seus ingresos. Porén os que viven en aluguer destinan como media un 13% dos seus ingresos ao pagamento.

A semiexclusión do gasto en vivenda para o 90% das familias galegas conduce a unha infravaloración do gasto medio en vivenda e ten consecuencias sociais moi graves, entre outras cousas porque afecta máis ás familias coas rendas máis baixas.

As solucións poderían a medio prazo, elaborar un IPC que incorpore este concepto; a curto prazo, tomar como referencia na negociación salarial (e nos aumentos das pensións) a suba dos prezos da vivenda xunto co IPC.

Territorio e renda

Os aumentos máis espectaculares dos prezos no período 2001-2004 (maio), danse nalgúns produtos de alimentación, aluguer de vivenda e transporte,

que teñen grande importancia na "cesta" das familias modestas.

En Galiza ten un peso particularmente alto o consumo do grupo de alimentación, que é aquel no que as diferenzas entre os fogares de renda baixa e alta son maiores e no que o aumento dos prezos nestes últimos anos estivo moi por enriba da media (12,6% fronte a 10,7%). Eso explicaría que o IPC xeral de Galiza sexa tres décimas superior á media española (10,7 fronte 10,4 entre 2001 e maio do 2004).

Negociación e IPC

Hai outra razón pola que a utilización continuada do IPC como criterio para a negociación dos aumentos salariais ten un efecto desigualador e discriminatorio dentro da clase traballadora. Se aumentamos dous salarios diferentes na mesma proporción incrementase a distancia que os separa nesa mesma proporción. Iso repetido ao longo dos anos vai ensanchando a fenda que separa os salarios altos dos salarios baixos.

Comeza o xuízo contra catro sindicalistas da CIG que participaron na folga de La Unión



Os próximos días 8 e 9 de marzo celebrarase en Pontevedra o xuízo contra catro sindicalistas da CIG pola súa participación na folga de Transportes la Unión, no ano 2001. Os dirixentes sindicais enfróntanse á petición de penas de tres anos de cadea e a multas dunha contía económica que se achega aos 100.000 euros. Entrementes, Raúl López, propietario do grupo Monbús, nunca tivo que sentar no banco dos acusados a pesar de ter vulnerado dereitos fundamentais, como o de folga e de abusar sistematicamente dos traballadores.

Os próximos días 8 e 9 de marzo celebrase en Pontevedra o xuízo contra catro sindicalistas da CIG pola súa participación na folga de Transportes la Unión, no ano 2001. Os dirixentes sindicais enfróntanse á petición de penas de tres anos de cadea e a multas dunha contía económica que se achega aos 100.000 euros. Entrementes, Raúl López, propietario do grupo Monbús, nunca tivo que sentar no banco dos acusados a pesar de ter vulnerado dereitos fundamentais, como o de folga e de abusar sistematicamente dos traballadores.

Catro dirixentes sindicais da CIG enfróntanse a un xuízo no que a fiscalía pide unha pena de 22 meses con cota diaria de 12 euros cada un, ademais de 45.864 euros por supostos danos e outros 49.079 euros polos prexuízos de paralización da actividade, a aboar, en ambos os casos, solidariamente entre os catro encausados.

Polo mesmo, a acusación da empresa solicita a cada un deles, polo suposto delito de danos, unha pena de 24 meses, a razón de 60 euros diarios e 3 anos de prisión por un suposto delito de coacción.

Para a CIG resulta cando menos cuestionábel a dobre vara de medir que o fiscal emprega no caso destes catro sindicalistas e a que se ten empregado contra o empresario Raúl López. O propietario do grupo Monbús, ao que pertence Transportes La Unión, foi sen-





**Raúl López foi
sentenciado en firme
por conduta antisindical
e por violación dun
dereito fundamental,
o dereito de folga.**

tacións, cortes de tráfico e concentracións nas localidades afectadas.

A pesar disto, Raúl López, lonxe de intentar negociar para rematar un conflito que se prolongou durante 120 días, contou co apoio da Xunta, que marcou uns servizos mínimos abusivos, dun 90% do cadro de persoal.

O propio empresario contrata a 42 esquiros para substituír aos traballadores en folga. A CIG presenta unha denuncia en Maxistratura por práctica antisindical e o Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra condena á dirección de Transportes La Unión por vulnerar o dereito de folga. Fíxase unha indemnización de 1 millón de pesetas (6.000 €) que a CIG destina ao

tenciado en firme por conduta antisindical e por violación dun dereito fundamental, o dereito de folga. Volveu ser condenado no caso de transportes La Campiña, e a pesar diso, nunca tivo que sentar no banco dos acusados.

Os feitos polos que se celebra este xuízo ocorreron no contexto da folga de transportes "La Unión". O conflito desatouse logo de que o grupo Monbús adquirira Transportes "La Unión". A partir desa absorción as condicións laborais dos traballadores non deixan de empeorar. Cando se convoca a folga, o 31 de xaneiro de 2001, os traballadores exigen a readmisión dos compañeiros despedidos, demandan melloras das súas condicións laborais e denuncian que hai condutores que están ao volante 14 horas diarias, que se lles cambian as rotas, que non se respectan os horarios de descanso e que se lles recortan as axudas de custo.

Os traballadores mobilízanse todos os días e desde as 6 da mañá fórmanse os piquetes, malia a presión policial. A partir do mes de marzo súmanse as mulleres ao piquete e, en diante, participan en todos os peches, mobilizacións e actos que se convocan. As APAs tamén se solidarizan cos folguistas e mesmo celebran manifes-

Fondo de Solidariedade cos traballadores en folga. Pero non serviu de moito, xa que a empresa recorreu e tanto a Inspección como o xulgado non actuaron cauteladamente contra a vulneración dun dereito fundamental. Unha forma de proceder ben diferente á que terían se se tratase dun traballador.


Non satisfeito coa precaria situación laboral na que mantíña aos traballadores, con violar dereitos fundamentais e con negarse a negociar, Raúl López ten despedido de forma improcedente a máis de 150 traballadores -das distintas empresas que foi absorbendo-, aos que hai que engadir os 15 fixos descontinuos recentemente despedidos de Viuda Domínguez (adquirida hai aproximadamente 8 meses) e a dous delegados da CIG. Malia iso, a fiscalía nunca actuou de oficio contra o empresario, como si o fai contra catro sindicalistas que defenden o dereito dos traballadores a un posto de traballo digno.

Tampouco se abre ningún tipo de dilixencias cando, alén de violar dereitos fundamentais e realizar despedimentos improcedentes, segue obrigando os condutores a faceren servizos noutra empresa do mesmo grupo; coñece con antelación cando os inspectores de Transporte visitan os Grupos Escolares; varía os horarios das liñas de viaxeiros; non paga as multas de tráfico; muda os horarios dos Grupos Escolares adaptándose ás exixencias e desoe as denuncias de alcaldes, ANPAS, asociacións de veciños e de usuarios polas deficiencias deste servizo.

Moi á contra, con esta conduta Raúl López, na vez de atoparse coa xustiza o que conseguiu foi ser nomeado presidente de Honra da Copa do Rei, que se celebrará en Pontevedra este verán. E mentres, catro sindicalistas serán xulgados.

**Ten despedido de forma
improcedente a máis de
150 traballadores -das
distintas empresas que
foi absorbendo-, máis os
15 fixos descontinuos
recentemente
despedidos de Viuda
Domínguez e a dous
delegados da CIG.**





Elvira Patiño: «As mulleres acceden a contratos a tempo parcial como única opción para conseguiren un posto de traballo»

As taxas de actividade evidencian que as mulleres son maioría entre a poboación denominada como “inactiva”. O concepto de poboación activa compren-

Cun salario máis baixo e con contratos temporais en precario é máis fácil que sexa a muller e non o home quen abandone o traballo para se dedicar ao coidado da familia

O 8 de Marzo celébrase o “Día da Muller Traballadora”. Con motivo desta data a Secretaría da Muller da CIG pon en marcha unha campaña baixo o lema “Emprego e oportunidades para as mulleres”. Elvira Patiño, Secretaria da Muller, explica cal é a situación laboral na que se atopan as galegas e as alternativas que propón a CIG para paliar a endémica situación de precariedade que sofren.

de tanto as persoas que están ocupadas como as paradas. Cando se fala de poboación inactiva, refírese a aquelas que non están no mercado laboral, como os/as pensionistas, xubilados/as e as “amas de casa”. A taxa de inactividade das mulleres é superior en 20 puntos á dos homes e a taxa de actividade dos homes é dun 63,8% e a das mulleres un 45,5%.

Cales cres que son as causas?

A falta de postos de traballo reflítese

Demandamos unha reforma da lexislación que faga posíbel e efectiva a verdadeira conciliación da vida laboral e familiar

na alta taxa de paro, con períodos moi longos até encontrar un emprego. Esa longa espera fai que moitas mulleres acaben por abandonar a busca de emprego e pasen a ser inactivas. As mulleres seguen a ocuparse, maioritariamente, das tarefas domésticas e do coidado das

persoas dependentes, chegando a ter dupla ou mesmo tripla xornada de traballo se ademais están traballando fóra da casa.

As dificultades para conciliar a vida laboral e familiar, inciden nesa baixa taxa de actividade?

Vén agravar máis esta situación o feito de que non existan servizos sociais públicos e gratuítos adecuados e suficientes para a conciliación da vida laboral e familiar, porque aínda que non nos guste, somos as mulleres quen nos vemos obrigadas a conciliar. Cun salario máis baixo e con contratos temporais en precario é máis fácil que sexa a muller e non o home quen abandone o traballo para se dedicar ao coidado da familia.

Mantense tamén a desigualdade salarial?

A máxima de “a igual traballo, igual salario” segue sen cumprirse. Moitos convenios sectoriais ou de empresa enmascaran esa desigualdade salarial establecendo distintas categorías para homes e mulleres e mediante outro tipo de enganos. O que demandamos é que se controle esta discriminación salarial nos convenios colectivos.

Cales son as propostas da Secretaría da Muller da CIG?

Incrementar a oferta de servizos sociais públicos e gratuítos para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar; programas de concienciación sobre o reparto das cargas familiares entre homes e mulleres, comezando polo ensino nos primeiros niveis; programas de sensibilización con respecto ás desigualdades laborais existentes entre homes e mulleres e programas de actuacións reais para fomentar o emprego feminino e, por suposto, control da discriminación salarial nos convenios colectivos.

Cal é a situación laboral na que se atopan as mulleres galegas?

Hai un 18,3% de mulleres paradas fronte a 9% de homes. As mulleres sofren unha maior temporalidade na contratación, con contratos de interinidade, por obra ou por circunstancias da produción. Un número moi elevado están contratadas a tempo parcial, sendo moitas veces a única opción para acceder a un posto de traballo. As administracións deben controlar as fraudes nestas contratacións para que sexan realmente unha elección.



10 de Marzo: Día da clase obreira galega

Na defensa dos dereitos sociolaborais

As protestas dos operarios da Bazán, exixindo un convenio de factoría en oposición ao que había de ámbito estatal, foron o xérmolo do conflito que o goberno quixo rematar cun peche patronal e a represión policial que deixou dous mortos, Daniel e Amador, e ducias de feridos o 10 de marzo de 1972 en Ferrol.

Das folgas que paralizaron Ferrol e Vigo e outras cidades e vilas galegas ese ano, a clase obreira galega pode facer moitas reflexións e tirar algunhas ensinanzas importantes. Como esquecer a represión da ditadura franquista; a colaboración do sindicalismo vertical co poder; a negación dos máis elementais dereitos, como o de folga ou expresión política, das reclamacións laborais, da cultura e lingua propia. Foron aqueles intreos de tensión, e as inxerencias e ilusións mantidas por unha minoría as que progresivamente inzaron nos corazóns da maioría do pobo, até converterse nun berro masivo polo cambio.

A final de 1972, despois da dura represión en Ferrol e Vigo, das ducias de detidos, das multas gubernativas e procesos diante dos Tribunais da Orde Pública (TOP), dos centos e centos de despedidos, moitos pensaron que o movemento obreiro galego, vértice da oposición democrática e nacional, estaba liquidado. Os acontecementos políticos dos dous anos próximos pareceron confirmar esa tendencia. E para todos os que se sumaron a este novo pulo da loita social, os acontecementos de 1972 foron a meta que se quixo repetir e superar no referente ao heroísmo e solidariedade amosado en momentos tan dramáticos polos traballadoras e traballadores galegos.

Hoxe, trinta e tres anos despois asistimos a un retroceso continuo dos dereitos sociolaborais. En breve: os convenios non se cumpren en moitas empresas; a xornada laboral excede a legal; non se pagan as horas extras; endurecéndose os requisitos para acce-

der ás pensións e aos seguros de desemprego; privatízanse servizos públicos, etc...

As taxas de desemprego andan por volta do 13% e vinte mil galegos e galegas emigran cada ano; a temporalidade atinxe ao 35% de todos os contratos existentes... A inspección non actúa sempre e como debera; as Mutuas, en moitos casos, son meros representantes das empresas; etc...

Hai medre da economía, malia que só as grandes transnacionais e sectores moi li-

Os convenios non se cumpren en moitas empresas; a xornada laboral excede a legal; non se pagan as horas extras; endurecéndose os requisitos para acceder ás pensións e aos seguros de desemprego; privatízanse servizos públicos...



manifestacións

Pontevedra

11:30 h diante do

Pazo da Cultura

Ferrol

19:30 h no

Monumento ao 10 de

Marzo

mitados das clases medias se benefician. A maioría social ten que traballar máis para gañar o mesmo ou menos, e a precariedade atinxe xa ao 50% da clase obreira.

O aumento da estratificación social, da precariedade e perda de dereitos laborais, o carácter regresivo da fiscalidade, e o trato desigual entre territorios (que foron convertendo en pobre un país con tanta riqueza potencial como Galiza) foi posíbel porque agora, como en 1972, unha parte importante do sindicalismo acompaña pasivamente estas medidas, e mesmo nalgún caso apoiounas abertamente (tampouco non podemos esquecer a postura neoliberal da socialdemocracia). E ademais, porque se foron recortando e cuestionando dereitos democráticos que custou moito gañar, como o de folga e os piquetes informativos. As sentenzas de Lugo a 3 afiliados da CIG son un exemplo, ou a acusación a catro cadros sindicais da nosa central por mor da folga de Transportes La Unión.

Son estes compañeiros e compañeiras, así como todos aqueles que se manifesten contra o peche de empresas, os incumprimentos de convenios, os despedimentos inxustos, a persecución por motivos sindicais ou calquera tipo de discriminación os que están loitando para que melloren as condicións laborais e sociais tanto nas súas empresas como no conxunto de Galiza. Deste acumular de forzas e das novas experiencias xurdirá (como en 1972) a xustiza social, a democracia participativa, unha maior identificación como pobo e a construción da soberanía nacional. ■

Avaliación Referendo Constitución Europea

O pasado día 20 de febreiro celebrouse no Estado español o referendo sobre o Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa, cunha participación do 43%, acadando os votos SI o 81,3% (800.811), os votos NON o 12,2% (120.219) e os votos en BRANCO o 6,4% (63.945).



Suso Seixo

Secretario Xeral da Confederación Inter-sindical Galega

Asistimos durante o período anterior á súa celebración, a toda unha campaña mediática e institucional, cargada de altas doses de manipulación e engano da opinión pública, centrada en destacar as bondades de votar SI fronte a todas as calamidades que se derivarían de votar NON.

Desde a CIG manifestamos abertamente o noso rexeitamento a esta Constitución e pedimos o voto NON no referendo, por ser un Tratado que consagra un modelo social e económico neoliberal; que nega os dereitos das nacións sen Estado que formamos parte de Europa; que ten como obxectivo fundamental garantir unha economía de mercado, de libre competencia, á que terán que se someter mesmo os servizos públicos, cun importante recorte do gasto social e do sistema de protección

social que é a base do chamado Estado do benestar.

Cómpre destacar o apoio que a esta Constitución neoliberal lle están a dar as centrais estatais CCOO e UGT, coincidindo, no modelo económico e social que consagra, coa patronal e co capital transnacional europeo. Haberá que lles pedir explicacións e denunciar as súas contradicións, cando critiquen ou queiran promover accións de rexeitamento contra as políticas de recorte do gasto social, de precarización laboral ou de recorte de dereitos laborais e sociais que promova a UE ou os diferentes Gobiernos ao amparo do modelo liberal que esta Constitución representa.

Diante deste panorama político no que votar NON representaba oporse ao modelo de Europa que defenden todos os poderes fácticos (forzas políticas e sindicais maioritarias, gobernos, patronal, medios de comunicación), realmente hai que valorar como altamente positivo que 120.000 galegos e galegas fosen a votar NON o pasado día 20, tendo en conta, ademais, que houbo un sector do nacionalismo que fixo campaña polo SI ou pola Abstención. Certamente entre os votos NON hai algún que non pertence ao campo do nacionalismo e da esquerda, pero tamén, non é menos certo, que entre os votos en branco e a abstención hai votantes da esquerda e do nacionalismo.

A loita contra o poder establecido non é doada nin de resultados inmediatos, pero

todas as organizacións políticas e sociais que defendemos outro modelo social e económico e outro modelo de organización político-territorial que respecte o dereito á soberanía dos pobos, temos a obriga e a necesidade de dar esa loita. Por citar un exemplo recente e coñecido, cando nos manifestabamos masivamente contra a invasión de Iraq eramos conscientes de que non íamos paralizala, pero era de xustiza facelo e fixémoslo. Non conseguimos que o voto NON fose maioritario, pero aí queda o rexeitamento de millares de galegos e galegas a esta Constitución e o noso testemuño de que non aceptamos esta Europa ao servizo do capital transnacional e de que estamos dispostos e dispostas a seguir pelexando por un modelo de sociedade onde a xustiza social, a igualdade, a democracia, os dereitos laborais e sociais ou o dereito á soberanía das nacións sexan respectados. ■

